


# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CEIP. JUAN FERNÁNDEZ LATORRE – A CORUÑA

2015/2016



[ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es](mailto:ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfernandezlatorre/>

**INDICE**

<b>1.</b>	<b>Datos de identificación</b>	<b>Pax.</b>
1.1.-	Denominación.	3
1.2	Creación.	3
1.3	Zona Educativa	3
1.4	Unidades Composición Actual	4
1.5	Resumo da Organización do Centro	4
1.6	Breve Historia do Centro	6
<b>2</b>	<b>Elementos materias</b>	
2.1	Dependencias	8
2.2	Equipamento	9
<b>3</b>	<b>Elementos humanos</b>	12
<b>4</b>	<b>O Entorno</b>	<b>13</b>
4.1	Aspectos socio-económicos e culturais que o conforman	13
4.2	Relacións Centro-entorno	15
	A.P.A. - Creación e funcionamento	15
	Asociación de veciños	16
	Centro Social	16
	Centro – Concello	17
<b>5</b>	<b>Interrelación escola-familia</b>	
5.1	Profesorado- familia. Titorías	17
5.2	A.P.A. – Escola	20

		<b>Pax.</b>
<b>6</b>	<b>A escola que pretendemos</b>	21
<b>7</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	23
7.1	A avaliación na educación Infantil.	24
7.2	A avaliación na educación primaria	31
	<b>ANEXOS</b>	
	<b>I. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL</b>	
	<b>II. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	
	<b>III. PLAN DE CONVIVENCIA</b>	
	<b>IV. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO</b>	

## 1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

1.1 **DENOMINACIÓN:** C.E.I.P.“JUAN FERNÁNDEZ LATORRE”

**Enderezo:** Avda. Casanova de Eiris, nº 26.

**Código Postal:** 15009

**Tfo-Fax:** 981-13-30-29. **NIF:** Q6555859-E.

1.2 **CREACIÓN:**

- Según Decreto 249/92 de 4-IX-92. (D.O.G. 2-X-92)
- Orde de funcionamento : D.O.G. 191 (30-X-92)
- Cambio de denominación: O. 19-II-93 (D.O.G. 48/11-III-93)

1.3 **ZONA EDUCATIVA:**

- Zona educativa: 150472.
- Código do Centro: 15027241.

#### 1.4 CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAJO ACTUAL(2016)

- 9 de E.I.
- 11 de E.P.
- 1 de Francés.
- 2 de Inglés.
- 2 de EF.
- 1 de Música.
- 1 Orientadora.
- 2 de A.L.
- 1 P.T.
- 1 de Religión Católica.

#### 1.5 RESUMO ORGANIZACIÓN DO CENTRO

<b>COMPOSICION DO CENTRO</b>			
<b>AULAS</b>	<b>ED INFANTIL</b>	<b>EDPRIMARIA</b>	<b>NAE</b>
<b>CREADAS (18-</b>	<b>6</b>	<b>12</b>	<b>3</b>
<b>HABILITADAS</b>	<b>1</b>		
<b>FUNC. REAL</b>	<b>7</b>	<b>12</b>	<b>4</b>

EDUCACION INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA						
			3 A.	4 A.	5 A.	1º	2º	3º	4º
2	2	3	2	2	2	2	2	2	2

### SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

**Transporte Escolar Adaptado** para alumnado motórico.

**Comedor escolar:** nº de comensales: +/- 150

**Madrugadores:** +/- 30

**HORARIO DE ACTIVIDADES LECTIVAS :** 9:00 – 14 '00 h.

**HORARIO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:** 16:00 – 19 :00 h.

**HORARIO DE COMEDOR:** 14:00 – 16 :00 h.

**HORARIO DE MADRUGADORES:** 7:30 – 9:00h

<b>EQUIPOS DOCENTES</b>		
<b>CICLO / NIVEL</b>	<b>COORDINADOR</b>	<b>COMPONENTES</b>
E.INFANTIL	1	Todos
1º CICLO PRIMARIA*	1	Títores e especialistas
2º CICLO PRIMARIA*	1	Títores e especialistas
3º CICLO PRIMARIA*	1	Títores e especialistas
EDLG	1	Orde 27 de xullo 97
COORD. PEDAGÓXICA	1 Secretario/a	Decreto 374/1996
ACTIV. EXTRAESCOLARES	1 Xefe/a	Orde 27 de xullo 97
BIBLIOTECA	1	8

\* Existe a figura do coordinador de ciclo por vontade do Claustro, xa que a LOMCE eliminou esta figura en favor da de coordinador de nivel.

## 1.6 BREVE HISTORIA DO CENTRO

A zona do Castrillón ata hai 20 anos era una zona periférica de A Coruña, a cabalo entre a cidade e o campo, nin rural nin urbana con edificacións de escaso valor, e de forma un tanto anárquica. Os accesos escasos e incómodos.

A poboación escolar era desprazada en “transporte escolar” aos tres colexios ubicados na zona de Elviña: R.Otero Pedraio, Ramón de la Sagra e M<sup>a</sup> Pita.

Na zona existen dúas asociacións de veciños, con moita vitalidade, que durante moito tempo viñan reivindicando un Colexio. Non lles foi difícil conseguir do Concello os terreos, pero a Consellería de Educación mostrouse reacia á construción baseándose en que a poboación infantil iniciaba un

retroceso e que os colexios aos que asistían os nenos da zona tiñan capacidade para acollelos.

No periodo 87-90 prodúcese un forte impulso na creación de vivendas, e por fin a Consellería accedeu á construción do Colexio. Na primavera de 1992, a Delegación de Educación autoriza ás familias da zona a que poidan reservar praza no que será o novo Colexio.

Arredor duns 350 nenos procedentes dos tres colexios antes mencionados, así como os dunha aula de E.I. existente na zona pasan a formar a matrícula do que será, en principio, o “Colexio do Castrillón”.

No novo colexio integranse 8 profesores do C.P.R.Otero Pedraio, 2 do R.de la Sagra, 2 parvulistas da zona da Gaiteira e unha que estaba moi próxima ó Colexio.

As unidades que funcionaron ese primeiro curso foron: 5 de E.I., 2 de Ed. Especial (unha de P.T e unha de apoio), 1 de 1º de 1, de 2º de Primaria, 1 de 3º, 1 de 4º, 1 de 5º, 2 de 6º, 1 de 7º, 1 de 8º de E.X.B

No curso seguinte (1993-94) creouse unha unidade máis de E.I., co que se completou a línea 2 en E.I., iniciándose desdoblamentos noutros cursos e estando en línea 2 ata 5º de Primaria .

Por unha Orde do 19-02-93 e a proposta do Consello Escolar, ó colexio asignaselle o nome de Juan Fernández Latorre, fundador de “La Voz de Galicia” e alcalde do antigo Concello de Santa Mª de Oza, e con quen integraríase no Concello de A Coruña.

Con data 07-05-93, o neto do fundador de “La Voz de Galicia” e actual Presidente do Consello de Administración, en compañía de varios altos cargos



da Empresa e o Claustro do Centro colocou unha placa co novo nome do Centro: Juan Fernández Latorre.

## 2. ELEMENTOS MATERIAIS

DEPENDENCIAS	Nº	LUGAR
Aulas	19	Planta baixa e superior
Aula Informática 1	1	Planta baixa
Salón de Actos	1	Planta baixa
Biblioteca	1	Planta baixa
Ximnasio	1	Planta baixa
Sala de Profesores	1	Planta baixa
Dirección	1	Planta baixa
Secretaría	1	Planta baixa
Xefatura de Estudos	1	Planta baixa
Arquivo	1	Planta baixa
Titoría	1	Planta baixa
Aula pequena	1	Planta baixa
Servicios	8	Planta baixa e superior
Despachos Dpto de Orientación	4	Planta superior

Aula Informática 2	1	Planta superior
Comedor	1	Sótano
Vestuario almacén	1	Sótano
Pista polideportiva cuberta	1	Exterior
Pista polideportiva	1	Exterior
Xogos infantiles	1	Exterior
Patios cubertos	2	Exterior

## 2.2- EQUIPAMENTO

### 2.2.1- Aulas.

- Posúen terrazo e tarima flotante
- Mesas e cadeiras para 25 alumnos-as
- Armarios empotrados
- Encerado incrustado na parede
- Cortiza pola parede.
- Calefacción por radiadores de auga.
- Proxector e pantalla dixital interactiva
- Ordenador conectado a internet
- Ordenador para cada alumno-a en 5º e 6ºEP – Proxecto Abalar e Edixgal

### 2.2.2- Salón de Actos.

- Escenario elevado
- Aproximadamente 80 cadeiras
- Catro mesas grandes.

- Armario.
- Megafonía
- Proxector e TV LCD
- Conexión a internet

#### 2.2.3- **Biblioteca.**

- Armarios con portas de cristal
- Armarios abertos
- Mesas de lectura, sillas e posto de bibliotecaria.
- Asentos de foam para os máis pequenos
- Enciclopedias, libros de consulta e libros de lectura
- 3 ordenadores con conexión a internet
- Proxector e pantalla

#### 2.2.4- **Ximnasio.**

- Material diverso (cordas, colchonetas, aros, balóns, bancos suecos)
- Vestiarios con duchas e servicios
- Parte elevada (almacén)

#### 2.2.5- **Sala de Profesores.**

- Mesas de reunións
- Sillas para 20 persoas
- Armarios con estanterías
- Armarios con portas de cristal
- Neveira e microondas .
- Ordenadores con conexión a internet

**2.2.6- Despacho do Director.**

- Arquivador e armario.
- Mesas e cadeiras
- Estanterías.
- Equipamento informático

**2.2.7- Secretaría.**

- 2 Cadeiras e 2 mesas
- Arquivador
- Armarios estanterías
- Equipamento informático.
- Dotación de administración

**2.2.8- Xefatura de Estudos.**

- Cadeira e 2 mesas
- Arquivador
- Armarios estanterías
- Equipamento informático.

**2.2.9- Arquivo.**

- Estanterías metálicas
- Fotocopiadora
- Multicopista
- Guillotina
- Destructora de papel
- Armario metálico
- Centralita de teléfono
- Equipamento informático

2.2.10- **Aula pequena**

- Estanterías.
- 6 mesas e 6 cadeiras.
- Material bibliográfico e funxible.

2.2.11- **Aula de Música**

- Dotación básica enviada pola XUGA.
- Ordenador , proxector e PDI
- Piano, equipo HI FI
- 27 postos escolares
- Instrumentos musicais

2.2.12- **Aulas de Informática 1 e 2**

- 14 equipos informáticos en cada unha
- Encerado dixital interactivo en cada unha
- Proxector en cada unha
- Mesas e cadeiras
- Switch

### **3. ELEMENTOS HUMANOS**

#### **3.1. CADRO RESUMO**

POSTOS DE TRABAJO 2016		
	CREADOS	FUNCIONANDO
E.I.	8	9
E.P.	11	11
F.I.	2	2
F.F.	1	1
E.M.	1	1
E.F.	2	2
P.T.	1	2
A.L.	2	2
D.O	1	1
REL	1	1

Ademáis contamos no apartado de persoal non docente cos seguintes traballadores:

- + 1 Conserxe
- + 2 Coidadoras
- + 1 Limpadora (a tempo tota).
- + 3 Limpadoras (a tempo parcial).

## 4. O ENTORNO

### **4.1-ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS E CULTURAIS QUE O CONFORMAN**

Una vez analizados os resultados da enquisa realizada, as conclusións ás que chegamos son as seguintes:

1º. Segundo o tipo de traballo que realizan os pais dos nenos, vemos ca maioría deles son asalariados, aínda que no momento actual de crise moitos atópanse en paro.

2º Dentro do apartado que se refire ós salarios, unha ampla maioría dos mesmos son superiores ao salario base, mais cantidades diminúen notablemente en canto as mulleres se refire.

3º. Dos datos aportados no tema da vivenda refléxase que un gran número de pisos son propios, cunha extensión de máis de 70 metros cadrados distribuídos en máis de 3 dormitorios, máis dun cuarto de baño, pero algo máis da metade delas non dispoñen de calefacción.

Casi todas estas vivendas están equipadas cos electrodomésticos que, hoxe por hoxe, podemos considerar coma os máis significativos.

4º. Tamén cabe dicir que as familias posúen un coche e unha minoría teñen dous. Un pouco máis da metade da xente disfruta das súas vacacións, ben na casa doutros familiares ben en establecementos hosteleiros, pero na nosa comunidade autónoma. No que respeita ó tempo libre, soamente unha terceira parte das familias pertencen a sociedades culturais ou deportivas.

Referíndonos a aspectos propios do alumno pódese dicir que a maioría ten habitación individual con boas condicións para favorecer o estudo (mobiliario, libros,...) . Arredor dunha terceira parte comparte habitación con outros irmáns ou membros da familia.

Unha alta porcentaxe deste alumnado dispón tamén dun mínimo suficiente de libros de lectura propios, e ademáis, de forma regular, acuden á Biblioteca do Castrillón.

Polo que respecta ó seu tempo de lecer, este distribúeno da seguinte maneira:

- Máis de dúas terceiras parte ven a televisión, utilizan as novas tecnoloxías en torno a dúas horas diarias; aumentando esta proporción o fin de semana.
- Tamén dúas terceiras partes acoden a actividades extraescolares, no propio centro.
- En canto as actividades deportivas a metade do alumnado, asiste a elas ademáis en Institucións alleas o Colexio.

#### 4.2- RELACIÓNS CENTRO-ENTORNO.

O Centro establece e mantén boas relacións co entorno, a través das entidades que pola súa natureza se ven involucradas no desenvolvemento das actividades docentes e aquelas outras que lle son propias.



#### 4.2.1- **A.P.A. – Creación e Funcionamento.**

Na segunda quincena de Setembro de 1992, o Director do Colexio convoca unha assemblea de pais, e propón a D. Manuel López Ramos, para presidir unha Comisión Xestora nomeada en dita assemblea, e encargada da confección dos Estatutos e posta en marcha das actividades propias dunha “Asociación de pais de alumnos”.

Con data 4/11/92 o Goberno Civil aproba estes estatutos.

A devandita comisión asume a responsabilidade de colaborar co Colexio organizando as actividades extraescolares. Hai que ter en conta o Colexio inicia o seu funcionamento con xornada de sesión única ó considerar o Sr. Delegado da Consellería de Educación, que así conviña; toda vez que de forma regulamentaria se viña impartindo a actividade docente deste xeito ós alumnos nos centros dos que proviñan.

Nese mesmo curso a dirección do Centro, coa conformidade do Consello Escolar cede ao A.P.A. un pequeno local, con entrada independente polas pistas polideportivas.

O A.P.A. dende a súa fundación vense encargando da organización das actividades extraescolares con grande eficacia e responsabilidade, así como da xestión e contratación dos servizos de comedor e madrugadores, en colaboración coa Dirección do Colexio. Na actualidade estanse a desenvolver arredor de doce actividades-culturais e deportivas- diferentes, ás que acoden aproximadamente 250 alumnos/as, no comedor participan arredor de 160 e en Madrugadores arredor de 40.

#### 4.2.2- Asociación de veciños.

A Asociación de Veciños I.A.R.- Castrillón Urb. Soto dende ó inicio das actividades do Colexio, ofrécese en todo momento a colaborar de forma desinteresada. Esta colaboración é recíproca, colaborando o Centro en actividades que eles proponen. Na actualidade imparten algunhas actividades para adultos nas dependencias do Centro, a partir das sete da tarde coa autorización do Consello Escolar e da Xefatura Territorial

Esporádicamente tamén utilizan o recinto escolar segundo as súas necesidades.

Tamén destacar a boa relación con outras asociación do entorno como A. C. Donaire, e o Galicia Gaiteira de fútbol que tamén utilizan as instalacións do Colexio co permiso do Consello Escolar.

#### 4.2.3- Centro Cívico do Castrillón.

O Colexio e o Centro Cívico do Castrillón manteñen unha boa relación e colaboración mutua. Istoponse de manifesto basicamente no seguimento das problemáticas que rodean ao alumnado do Centro que habita nos arredores do barrio. No mesmo se desenrolan diferentes actividades de tipo lúdico, de ocio e de reforzos académicos.

Asemade se ubica nos anexos do mesmo unha Biblioteca Municipal coa que se realizan diferentes actividades ao longo do curso.

#### 4.2.4- Centro-Concello.

Centro e o Concello manteñen os contactos habituais entre estes organismos, se ben esta relación refírese maioritariamente a aqueles aspectos cun contido máis oficial.

O Servizo Municipal de Educación realiza melloras constantes no Centro dende a súa posta en funcionamento, así como labores de mantemento.

A nivel académico, e ao longo de cada curso este Servizo Municipal oferta ao Colexio, a través do ANPA, un amplo e variado número de actividades (subvencionadas) no ámbito do aprendizaxe lúdico.

## 5. INTERRELACIÓN ESCOLA-FAMILIA

### 5.1. Profesorado-familia. Tutorías.

A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre pais e educadores son básicas en calquera etapa educativa.

A escola non pode nin debe pretender substituír a familia, senón compartir a responsabilidade de educar e instruír aos nenos e nenas. Canto máis se coñezan os educadores e as familias, máis se favorece o benestar dos rapaces.

A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de corresponsabilidade que guíe aos nenos nunha mesma dirección.

Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías, complementarias, de participación:

- A través dunha implicación das familias no proceso educativo, que conleve:
  - un consenso familia-escola
  - unha comunicación fluída e constante.
- A través do Consello Escolar, coa cooperación na organización do Centro.

No que respecta á primeira vía, é dicir, a implicación das familias no proceso educativo, nalgúns casos non é doado establecer unha boa corrente comunicativa, pero sabemos que esta comunicación é importante de cara ao éxito da actuación da Escola. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:

**-Reunións xerais** nas que cada titor convoca a tódalas familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festas a celebrar,...

**-Entrevistas individuais** que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións pais-escola e para recabar datos sobre:

- A situación socioambiental e familiar do neno.

- Datos persoais de saúde, relacións con outros nenos, xogos preferidos, relacións cos adultos cos irmáns, cos pais (tempos que conviven con cada un deles ).

Por parte dos titores, éstos darán información ás familias sobre a evolución dos seus fillos.

Todas estas xuntanzas lévanse a a cabo do seguinte modo:

### En Educación INFANTIL:

**-E.I. 3 anos.-** Tense unha reunión cos pais unha vez matriculados os nenos, antes de seren incorporados as súas respectivas aulas. Nesta reunión explicase ás familias o que significa a entrada dos seus fillos e fillas na vida escolar, e ó mesmo tempo pídese a súa colaboración para a adquisición de determinados hábitos que favorecerán a adaptación do alumnado.

Así mesmo faise a presentación dos titores ás familias para establecer con elas un necesario clima de confianza, dada a corta idade dos novos alumnos e de que para moitos deles e dos seus pais este é o primeiro contacto coa escola.

**-E.I. 3, 4 e 5 anos.-** Establecense reunións trimestrais cos pais e nais para informalos de todos aqueles aspectos relativos a evolución dos nenos, e cambiar impresións para coñecer mellor ao alumnado.

Independentemente de todo isto, e tendo en conta as idades dos rapaces, os titores manteñen un contacto casi diario cos pais, ás entradas e saídas do Centro- dado que calquera alteración ou problema no entorno familiar dos nenos inflúe na súa actitude e rendemento na escola.

Ademáis destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fixéanse uns horarios semanais de titorías e atención ós pais que quedan establecidas tódolos luns lectivos do curso de 16:00 a 17:00 da tarde non só para E. Infantil senón para tódolos niveis.

### **En Educación PRIMARIA:**

- Realízase a principio de curso unha reunión do titor coas familias, de xeito que antes do 10 de outubro, como é preceptivo, reuníranse os titores de cada curso coas familias para tratar aspectos relativos ao funcionamento do curso, normas, hábitos recomendados,...
- Realización de entrevistas individuais coas familias os luns de 4 a 5, ou noutro horario de mútuo acordo.
  
- Realización dunha segunda reunión, (sempre que os titores consideren a conveniencia da mesma), de aula ou persoal no mes de xaneiro-febreiro para explicar a evolución, e progresos así como as dificultades atopadas, expoñendo as posibles actuacións encamiñadas á mellora dos resultados globais, tanto académicos como conductuais..
  
- Orientacións sistemáticas ao alumnado de 6º para o paso ao I.E.S. “Monte das Moas”, e outras posibilidades de matriculación noutros I.E.S.
  
- Asimesmo aproveitando a sesión semanal da “Titoría cos alumnos”, trátanse con eles -na clase- tódolos temas que poidan ter un atractivo especial nestas idades: Solidariedade, amizade, sexo, etc,...

## 5.2. A.P.A. - ESCOLA

As relación coa Asociación de Pais son excelente e a mellor proba é o gran número de participantes en todas as actividades que organizan, sempre están abertos a colaborar coas actividades do Colexio e viceversa.

Sen dúbida, a continuidade do traballo ben feito de anos atrás, pero incorporando novidades e actuacións, fan que actualmente contemos cunha APA que desenvolve un excelente traballo.

Organizan o seu Festival de Nadal, de Entroido, o Gran Show e a excursión de final de curso. Colaboran co Colexio nas actividades complementarias como festivais e saídas.

No ámbito da organización, manteñen unha estreita relación co profesorado: forman parte do Consello Escolar ao que levan as súas suxerencias e inquiredanzas, mesmo por problemas pedagóxicos ou de conservación do edificio, material escolar...

No presente curso impulsaron o programa APA concilia, que ten a finalidade de programar actividades lúdicas co alumnado os días non lectivos do curso.

## 6. A ESCOLA QUE PRETENDEMOS

O CEIP “Juan Fernández Latorre” como centro público, sen ánimo de lucro, plantexa a educación como un servizo a toda sociedade e ó entorno no que está ubicado; tratando de compensar desigualdades sociais e reivindicando a lexitimidade e alta competencia do ensino público.

Defendemos a liberdade de cátedra do profesorado dentro do marco legal establecido, tamén a liberdade de conciencia e libre pensamento do alumnado e familias.

Defendemos, tamén, que a calidade do noso ensino non se refire só a dotar ao alumnado de hábitos, capacidades e instrumentos básicos que lles facultan para adquirir un axeitado nivel de coñecementos, senón que ademáis pretendemos potenciar ao máximo as competencias que faciliten ao alumnado a posibilidade real dun desenvolvemento integral da súa personalidade dun xeito activo, participativo e colaborativo. Intentamos, polo tanto, fomentar un espírito crítico e pragmático, potenciar o razonamento lóxico e fundamentado, preparar ao alumnado para ser quen de interpretar as súas propias experiencias, expresar abertamente a súa afectividade de xeito espontáneo e deixar paso aos aspectos da creatividade e orixinalidade das persoas. Entendemos que este proceso educativo e formador na escola debe estar integrado e complementado na aceptación da existencia dunha sociedade plural, aconfesional e democrática, sustentada en valores fundamentais como o esforzo, a solidariedade e o respecto.

O proceso educativo, dende o noso punto de vista, debe ser un intento transformador da existencia, máis que unha adaptación á realidade, unha oportunidade para mellorar as cousas que non funcionan ben. Como consecuencia, intentamos fomentar no alumnado a capacidade de comprender e respetar as situacións dos demais, especialmente aqueles colectivos en risco de exclusión social ou persoas con necesidades de apoio social e educativo.

Pretendemos igualmente a búsqueda da propia identidade de cada individuo, como expoñente dunha diversidade que debe ser enriquecedora. A equidade entre ambos sexos e igualdade de dereitos e deberes entre homes e mulleres, tamén forman parte fundamental da estrutura ideolóxica da nosa



escola, lonxe de estereotipos pasados e sempre poñendo en valor o factor humano.

Un Centro que mire sempre cara adiante, pero que tampouco esqueza nin o pasado, nin as tradicións que fixeron que hoxe sexamos como somos, coa nosa riqueza cultural, histórica, línquística, social e identitaria. Así é que defendemos a nosa identidade galega dentro da nosa actividade educativa, afastándonos tanto de radicalismos estériles, como das actitudes e correntes sociais que pretenden desprestixiar ou minimizar a inmensa importancia do patrimonio cultural galego.

Abanderamos tamén dende a nosa escola unha educación que promova a defensa dos dereitos humanos, o respecto polo medio ambiente e un compromiso firme coa construción dun mundo en paz e solidario, que entendemos que comeza por crear dinámicas positivas no Centro, que faciliten a convivencia diaria entre alumnado, profesorado e familias. Para axudar nestas medidas contamos coas Normas de Organización e Funcionamento do Colexio ( documento referenciado máis adiante) e co órgano de participación denominado Observatorio da Convivencia, e por suposto o Consello Escolar.

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación das apredizaxes do alumno rexirase polos mesmos criterios en tódalas áreas.

Os obxectivos xerais estarán expresados en termos de capacidades e desenvolvemento das diferentes competencias que podemos avaliar a través dos indicadores expresados nos criterios de avaliación.

Dun modo xeral, gran parte do que o alumno aprende non se lle ensina sistemática e conscientemente, por iso faranse explícitos e definidos con claridade os valores, normas e actividades que no noso colexio en concreto imos ensinar, para que sexan asumidos e interiorizados polos alumnos nun proceso reflexivo.

Para avaliar as capacidades e competencias dos nenos recorreremos fundamentalmente á observación activa nas diferentes situacións da xornada escolar e familiar. É preciso saber que é o que se quere observar para que os datos recollidos e interpretados nos proporcionen unha avaliación efectiva e útil de cada neno ó longo de toda a etapa. Estes datos servirán para contrastar os obxectivos, axustar a programación se fose necesario e para poder informar ás familias sobre a evolución dos seus fillos/as.

A avaliación nunca deberá referirse a unha medida de grao ou cantidade na produción ou rendemento dos nenos/-as, e non supoñerá o seu “etiquetado”. Dificilmente o alumnado, logrará autoestimarse se capta que non é valorado, ou nota que o adulto non confía nas súas posibilidades.

Polo que atingue ó obxecto da avaliación e no que fai referencia ós nenos e nenas, convén ter moi presente que son as capacidades e competencias, e non os rendementos o que debe constituir obxecto de avaliación.

O grupo de profesores acordarán a promoción do alumnado. De non haber uniformidade o acordo tomarase por maioría e terá una maior relevancia a opinión do titor-a.

### **7.1.- A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN INFANTIL**

*(Orde do 25 de xuño de 2009)*

A avaliación nesta etapa, concibida como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, realizarase de forma continua e

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfernandezlatorre/>

considerarase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais coma colectivas.

Os criterios de avaliación de cada unha das áreas serán os referentes para coñecer, por unha parte, en que medida o alumnado desenvolveu as capacidades enunciadas tanto nos obxectivos da etapa como nos de cada unha das áreas e, por outra, para identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas.

O profesorado de educación infantil avaliará o proceso de ensino, a súa práctica docente e o desenvolvemento de capacidades dos nenos e nenas de acordo cos obxectivos xerais de etapa e a través dunha avaliación que permita mellor a práctica educativa.

As familias recibirán periódicamente a información necesaria sobre o proceso do alumnado, e as canles que se crean para este efecto terán que explicitarse no correspondente deseño curricular.

## **1.- AVALIACIÓN DO PROCESO DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO.**

O profesorado de infantil observará e recollerá:

1. As intervencións das persoas implicadas no proceso educativo dos escolares.
2. O desenvolvemento das capacidades do alumnado.

## **2.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE**

O profesorado de infantil avaliará:

1. A optimización das condicións organizativas e dos recursos disponibles.
2. A adecuación das programacións a estes e as súas características individuais, ó fin dos obxectivos xerais de etapa.

## I. A NATUREZA DA AVALIACIÓN.

A Avaliación será **GLOBAL**, tendo como referente o conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais de etapa, previamente adecuados ó contexto socioeconómico e cultural do centro e ás peculiaridades do alumnado, a través do P.C.C que constituirá o referente permanente da avaliación.

A Avaliación será **CONTINUA**, formando parte integrante do proceso educativo e orientada a proporcionarlles ós mestres de xeito permanente a información sobre o proceso de ensino e o proceso da aprendizaxe do alumnado, sendo o seu referente inmediato a programación didáctica e permitindo axustar a propia intervención educativa, tendo deste modo un carácter formativo.

Os obxectivos e contidos mínimos establecidos no Currículo da Educación Infantil unha vez adecuados as características do centro e do alumnado guiarán a práctica educativa e constituiranse en referente obrigado da avaliación.

Nos proxectos curriculares recolleranse igualmente os criterios e as estratexias de avaliación que se consideren máis axeitadas ó estilo pedagóxico que define o centro, as preferencias do equipo docente e as características do P.C.C

Os datos recollidos ó longo de todo o proceso educativo, a través da observación activa directa, e sistemática e de calquer outra técnica, serán interpretadas polo profesorado e proporcionarán unha valoración dos progresos que cada alumno/a vaian conseguindo. Cada mestre/a consignará nunha ficha persoal do alumno/a estes datos relativos á avaliación continua, así como os apoios especiais que se lle brinden.

A avaliación na educ. infantil expresarase en termos cualitativos, consignándose, en cada caso, as capacidades desenvolvidas.

Asi mesmo elaborarán un informe individualizado extraordinario cando algún alumno se traslade a outro centro sen rematar o ciclo ou cando se traslade o titor ou excepcionalmente se altere a súa adscripción funcional sen rematar o ciclo. O Informe fará referencia, polo menos, a:

- a) Grao de consecución das capacidades enunciadas nos obxectivos xerais de etapa e das distintas áreas.
- b) Grao de asimilación dos contidos das diferentes áreas.
- c) Valoración da aprendizaxe realizada.
- d) Aplicación, se é o caso, de medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular.

## **II. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE AVALIACIÓN.**

A Avaliación na educ. infantil concibirase como unha reflexión activa acerca da realidade educativa diaria que terá como fin a retroalimentación das programacións en canto sexa detectada e precisa.

En relación as interaccións entre as persoas que conviven no centro, o profesorado avaliará as relacións entre o profesorado que imparte nestes cursos e o alumnado, as dos nenos e nenas entre si, a coordinación entre o profesorado e a coherencia entre os niveis educativos.

A relación familia-escola será avaliada tendo en conta a súa frecuencia e calidade. Seguiranse as pautas marcadas no capítulo específico do presente P.E.C

A avaliación da optimización dos recursos disponibles farase en función dos criterios organizativos e dos aspectos como:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfernandezlatorre/>

1.-**Ambientais:** clima de afecto e seguridade, estimulación suficiente e variada, opcionalidade favorecedora da autonomía e da iniciativa individual.

2.- **Materiais:** adecuación, vixencia e disponibilidad decara o tipo de alumnado.

3.-**Temporais:** funcionalidade de temporalización e organización dos grupos, temporalización e organización das actividades.

A avaliación do desenvolvemento das capacidades do alumnado corresponderá ó mestre/a titor/a, quen recollerá a información que lle proporcionen outros profesionais que estean implicados no proceso educativo do grupo ou dalgún alumno/a en particular.

Cando o alumno se escolarica por primeira vez abriráselle o seu expediente persoal que incluírá unha ficha de avaliación inicial na que se recollerán os datos facilitados polas familias, informes psicopedagóxicos, informes médicos ou calquer outro que se considere de importancia.

A ficha de avaliación inicial será completada durante as primeiras semanas de escolarización mediante datos recollidos a través da observación ou calquer outro procedemento que se considere oportuno polo titor/a e demais profesionais do centro que estean en condicións de aportar novos datos.(Entrevistas ós pais).

Si o alumno estivo escolarizado anteriormente o centro solicitará información ó centro de orixe.

No deseño curricular recolleranse o tipo de informacións que interesa recoller nestas primeiras semanas, así como as técnicas, instrumentos e situacións de ensino-aprendizaxe, que permitan recabar información.

Cada mestre/a secuenciará os obxectivos e contidos de acordo coas características do grupo e do alumno individualmente considerado, co fin de asustar a súa intervención educativa.

A intervención educativa do profesorado estrá guiada polos obxectivos didácticos que concretarán o grao de capacidade e competencias que se pretenden desenvolver en cada unidade de programación.

Os datos recollidos polo profesorado ao longo de todo o proceso de avaliación continua serán pasados á ficha-informe final de cada curso escolar.

Cando se remate a etapa, o profesorado fará a avaliación final do alumnado, a partir dos datos recollidos por medio da avaliación continua en relación os obxectivos previamente fixados e tendo en conta os criterios de avaliación establecidos polo equipo docente.

O profesorado elaborará un informe de avaliación final no que se especificará, ademais das adquisicións logradas por cada alumno/a, as medidas de reforzo ou de adaptación utilizadas se é o caso.

A avaliación da programación é responsabilidade de cada mestre titor/a que é, en definitiva, quen a elabora e o que ten que axutala de acordo coa realidade cambiante de grupo no que interactúa.

### **III. DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

O expediente persoal do alumno. Depositarse na secretaría do centro.  
Neste expediente persoal recollerase, cando menos:

- a) O informe persoal
- b) O informe de avaliación inicial
- c) O informe anual de avaliación individualizado
- d) O informe individualizado de final de ciclo

O **informe persoal** do alumnado recollerá os datos de identificación da nena ou do neno, así como os datos familiares, psicopedagóxicos, médicos e sociais máis significativos.

O **informe de avaliación inicial** recollerá os datos achegados na entrevista pola familia, as observacións relevantes durante o período de adaptación e as achegas dos períodos de escolarización anteriores, se os houber.

A titora ou o titor elaborará un **informe de avaliación individualizado** ao rematar cada ciclo a partir dos datos obtidos a través da avaliación continua. Tamén este informe será obrigatorio para os titores que abandonen o Centro sen rematar o ciclo.

Ao finalizar o segundo ciclo de educación infantil, a titora ou o titor recollerá os datos mais relevantes dos informes de cada curso **nun informe individualizado de cada alumna ou o alumno**

#### IV. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Os titores/as darán información ás familias sobre a evolución dos seus fillos/as.

O titor/a elaborará, cando menos, un informe escrito a rematar cada trimestre. Nel se plasmarán as aprendizaxes referidas ás capacidades que se propuxeron desenvolver e aquelas medidas de reforzo que, tanto na escola como na familia, podan axudar ó alumno/a.

O contido e formato do informe para as familias será elaborado polo equipo de ciclo ou de etapa, e reflectido no proxecto curricular. Tanto os informes como



as medidas de reforzo que se tomen en cada caso incorporaranse ó expediente persoal do alumno/a.

Todas estas xuntanzas lévaranse a cabo do seguinte xeito:

► *Educación Infantil de tres anos*: Terase unha reunión cos pais unha vez matriculados os nenos/as e antes de seren incorporados as súas respectivas aulas. Nesta reunión explícarase ás familias o que significa a entrada dos seus fillos e fillas na vida escolar e, ó mesmo tempo, pedirase a súa colaboración para a adquisición de determinados hábitos que favorecerán a adaptación do alumno/a.

Asemade, farase a presentación dos/as titores/as ás familias para establecer un necesario clima de confianza dada a curta idade do novo alumnado, e de que para moitos deles e dos seus pais, éste é o primeiro contacto coa escola.

► *Educación Infantil de tres, catro e cinco anos*: Estableceranse, asemade, reunións periódicas cos pais e nais para informalos de tódolos aspectos relativos a evolución dos nenos/as e cambiar impresións para coñecer mellor ao alumnado.

Independentemente de todo isto é tendo en conta as idades dos rapaces/as, os titores/as manterán contactos casi a cotío cos pais e nais ás entradas e saídas do centro, dado que calquera alteración ou problema no entorno familiar do alumnado inflúe na súa actitude e rendemento na escola.

Ademáis, destas posibilidades de contacto entre os titores/as e as familias, fíxaranse uns horarios semanais de tutorías e atención ás familias que quedarán establecidos en tódolos luns lectivos do curso, de 16:00 a 17:00 h, non só para Educación Infantil senón tamén para tódolos niveis do centro.

## **7.2.-A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA**

(Orde do 23 de novembro de 2007- DOG 30/11/07)

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será **continua, global, formativa e integradora**. Terá en conta o seu progreso no conxunto de todas as áreas do currículo.

Os **criterios de avaliación** que se establezan nas diferente áreas serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos propostos.

A avaliación será continua e terá un carácter formativo que permita incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzón, dependendo das diferencias do alumnado.

Ao comezo de cada ciclo a persoa titora realizará unha **avaliación inicial** que será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo.

Durante o curso realizaremos para cada grupo de alumnos e alumnas tres sesións de avaliación que serán presididas pola persoa titora. O resultado notificáremolo ás familias cun informe no que en cada materia se indique a valoración, que será do tipo: Insuficiente, suficiente, ben, notable ou sobresaiante.

Na sesión final de avaliación, o equipo de profesores do curso decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora. Se promocionará ao ciclo seguinte sempre que se alcance o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consoante a súa idade. Accederase igualmente ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo.

Os documentos oficiais de avaliación na educación primaria son os seguintes:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfernandezlatorre/>

- **expediente académico**
- **historial académico de educación primaria**
- **informe persoal por traslado**
- **actas de avaliación**

Ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria realizaremos unha avaliación de diagnóstico con referencia ás competencias básicas alcanzadas polo alumnado da que se dará cumprida información ás familias.

Tamén **avaliaremos os procesos de ensino e da práctica docente** durante as sesión de avaliación de cada grupo. Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- b) As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- c) As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- e) A coordinación entre os mestres e mestras do ciclo e entre os diferentes ciclos e do profesorado do terceiro ciclo co centro de educación secundaria Monte das Moas.

